

ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA

D/D^a. _____, con DNI _____
e domicilio a efectos de notificacións en _____ n^o _____, piso
_____ C.P. _____, da localidade _____, teléfono _____ e ende-
rezo electrónico _____, **EXPOÑO:**

I. *Que desexo participar no proceso selectivo correspondente ao proceso de estabilización de emprego tempo-
ral convocado polo Concello de Sobrado para a selección dun/ha
_____ (indicar denominación da praza obxecto de convocatoria),
praza de persoal _____ (indicar Funcionario de Carreira ou Laboral Fixo).*

II. *Que coñezo e acepto plenamente e sen condicións as bases xerais e específicas que rexen o presente proceso
de selección.*

III. *Declaro responsablemente que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo
sinalado para a presentación da solicitude nas bases do proceso selectivo, que coñezo e acepto, e que son
certos os datos que figuran nesta instancia, comprometéndome a xustificalos documentalmente cando sexa
requirido para iso.*

IV. *Declaro responsablemente que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do
posto e que non estou inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas.*

V. *Que autorizo á cesión dos datos contidos na presente instancia e na documentación que se acompaña ao
Concello de Sobrado, a fin de que ese Concello poida utilizados para todos os trámites relacionados, directa
ou indirectamente, co presente proceso de selección, así como a xestión administrativa do mesmo. Igualmente
autorizo ao Concello de Sobrado á conservación dos datos facilitados mentres non se solicite a supresión dos
mesmos e, en todo caso, durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas deriva-
das do presente proceso de selección.*

Polo exposto, **SOLICITO:**

*Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo, achegando para estes efectos copia da seguinte documen-
tación:*

** DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.*

** Título esixido nas bases específicas para tomar parte no procedemento. No caso de non posuír o título pero
estar en condicións de obtelo deberánse achegar os xustificantes de telo solicitado e do pagamento, no seu
caso, das taxas esixibles .*

** Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua Galega que se esixe nas bases específicas do proceso
de selección. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua gale-
ga, de conformidade co previsto na base 9^a das bases xerais.*

** Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa dos mesmos. Só se terán en conta os méritos
que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.*

En Sobrado, ____ de _____ de 202__.

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBRADO.